



ANEXO III  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código   | Centro                   | Concello   | Ano académico |
|----------|--------------------------|------------|---------------|
| 15022607 | Ánxel Casal - Monte Alto | Coruña (A) | 2023/2024     |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo    | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SAN                           | Sanidade            | CSSAN09                   | Hixiene bucodental | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                 | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|----------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1370       | Fisiopatoloxía xeral | 2023/2024 | 0                | 213          | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| Profesorado asignado ao módulo | CRISTINA CANCELA FRAGA,LUZ MARÍA LÓPEZ LUGILDE,MARÍA DEL PILAR POMBO MOREIRA (Subst.),PAULA PÉREZ NEIRA (Subst.) |
| Outro profesorado              | MARÍA DEL PILAR POMBO MOREIRA  |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>   |
|---|
| RA1 - Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relacións segundo a súa especialización       |
| RA2 - Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca                              |
| RA3 - Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade   |
| RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas                       |
| RA5 - Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas  |
| RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes                  |
| RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade |
| RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns  |

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                       |
|---|
| CA1.1 Detállouse a organización xerárquica do organismo desde a célula ao sistema |
| CA1.2 Describiuse a estrutura celular e os seus compoñentes                       |
| CA1.3 Describiuse a fisioloxía celular  |
| CA1.4 Clasificáronse os tipos de tecidos  |
| CA1.5 Detalláronse as características de cada tipo de tecidos                     |



| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| CA1.6 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición  |
| CA1.7 Definiuse a posición anatómica   |
| CA1.8 Describíronse os planos e as posicións   |
| CA1.9 Localizáronse e enumeráronse as rexións e as cavidades corporais   |
| CA1.10 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas coas cavidades nas que están situados |
| CA1.11 Aplicouse a terminoloxía de dirección e posición  |
| CA2.1 Describiuse o proceso dinámico doenza  |
| CA2.2 Detalláronse os cambios e as alteracións na estrutura e nas funcións celulares                           |
| CA2.3 Describíronse os elementos constituíntes da patoloxía  |
| CA2.4 Definíronse as partes da clínica   |
| CA2.5 Especificáronse os grupos de doenzas   |
| CA2.6 Clasificáronse os procedementos diagnósticos complementarios   |
| CA2.7 Detalláronse as posibilidades terapéuticas fronte á doenza   |
| CA2.8 Especificouse a etimoloxía dos termos clínicos utilizados en patoloxía                                   |
| CA2.9 Aplicáronse as regras de construción de termos no vocabulario médico                                     |
| CA3.1 Describíronse os órganos e as células do sistema inmune  |
| CA3.2 Diferenciáronse os mecanismos de resposta inmunolóxica   |
| CA3.3 Definíronse as características da inmunidade específica  |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| CA3.4 Detalláronse as características da resposta inmunolóxica específica       |
| CA3.5 Secuenciouse a resposta inmunolóxica                                      |
| CA3.6 Clasificáronse a patoloxía do sistema inmune                              |
| CA3.7 Descríronse as patoloxías máis frecuentes do sistema inmune               |
| CA3.8 Detallouse a inmunización pasiva e activa                                 |
| CA4.1 Descríronse as características das fontes de infección                    |
| CA4.2 Detalláronse os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas         |
| CA4.3 Descríronse os tipos de axentes infecciosos                               |
| CA4.4 Detallouse a resposta do organismo á infección                            |
| CA4.5 Explicouse a resposta inflamatoria  |
| CA4.6 Definíronse as características das principais doenzas infecciosas humanas |
| CA4.7 Analizáronse as posibilidades terapéuticas fronte ás doenzas infecciosas  |
| CA5.1 Clasificáronse as neoplasias  |
| CA5.2 Caracterizáronse as neoplasias benignas e malignas                        |
| CA5.3 Detallouse a epidemioloxía do cancro                                      |
| CA5.4 Clasificáronse os axentes carcinógenos                                    |
| CA5.5 Detalláronse as manifestacións clínicas dos tumores                       |
| CA5.6 Especificáronse os sistemas de prevención e diagnóstico precoz do cancro  |



| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| CA5.7 Describíronse as probas de diagnóstico do cancro e as posibilidades terapéuticas                      |
| CA5.8 Analizáronse as manifestacións das neoplasias malignas máis frecuentes                                |
| CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos   |
| CA6.2 Describiuse a sintomatoloxía por aparellos máis frecuente   |
| CA6.3 Clasificáronse os signos clínicos por aparellos máis frecuentes                                       |
| CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico   |
| CA6.5 Detalláronse as manifestacións da insuficiencia de órganos e aparellos                                |
| CA6.6 Utilizouse a terminoloxía clínica   |
| CA7.1 Describiuse o mecanismo fisiopatolóxico do edema  |
| CA7.2 Detallouse o proceso de formación dun trombo  |
| CA7.3 Definiuse a embolia   |
| CA7.4 Explicáronse as repercusións orgánicas do bloqueo da rega sanguínea no tromboembolismo                |
| CA7.5 Describíronse as características da cardiopatía isquémica   |
| CA7.6 Describíronse as características da embolia pulmonar  |
| CA7.7 Relaciónáronse os trastornos hemodinámicos cos accidentes cerebrovasculares                           |
| CA8.1 Detalláronse os aspectos cuantitativos e cualitativos da alimentación normal                          |
| CA8.2 Definíronse as características das alteracións fisiopatolóxicas endócrino-metabólicas máis frecuentes |
| CA8.3 Describíronse as consecuencias fisiopatolóxicas das carencias alimentarias                            |



| Criterios de avaliación do currículo                                 |
|--|
| CA8.4 Explicáronse as características da obesidade                   |
| CA8.5 Analizouse o proceso fisiopatolóxico da diabeite               |
| CA8.6 Analizouse o proceso metabólico dos lípidos                    |
| CA8.7 Detalláronse as repercusións orgánicas do exceso de colesterol |

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultados de aprendizaxe do currículo  |
|---|
| RA1 - Recoñece a estrutura e a organización xeral do organismo humano, e describe as súas unidades estruturais e as relacións segundo a súa especialización       |
| RA2 - Identifica o proceso de desenvolvemento da doenza en relación cos cambios funcionais do organismo e as alteracións que provoca                              |
| RA3 - Recoñece os trastornos do sistema inmunitario en relación coas características xerais da inmunidade   |
| RA4 - Identifica as características das doenzas infecciosas, tendo en conta a relación dos axentes infecciosos coas manifestacións clínicas                       |
| RA5 - Identifica o proceso de desenvolvemento tumoral e describe as características das neoplasias benignas e malignas  |
| RA6 - Recoñece manifestacións de doenzas dos grandes sistemas do organismo e describe as alteracións fisiolóxicas das patoloxías máis frecuentes                  |
| RA7 - Recoñece trastornos hemodinámicos e vasculares, tendo en conta a relación das súas alteracións con doenzas humanas de grande morbilidade e alta mortalidade |
| RA8 - Recoñece trastornos endócrino-metabólicos e da alimentación, en relación con manifestacións de patoloxías comúns  |

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación do currículo                        |
|---|
| CA1.2 Describiuse a estrutura celular e os seus compoñentes |



| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| CA1.5 Detalláronse as características de cada tipo de tecidos  |
| CA1.8 Describíronse os planos e as posicións   |
| CA1.9 Localizáronse e enumeráronse as rexións e as cavidades corporais   |
| CA1.10 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas coas cavidades nas que están situados |
| CA2.6 Clasificáronse os procedementos diagnósticos complementarios   |
| CA2.9 Aplicáronse as regras de construción de termos no vocabulario médico                                     |
| CA3.1 Describíronse os órganos e as células do sistema inmune  |
| CA3.2 Diferenciáronse os mecanismos de resposta inmunolóxica   |
| CA3.8 Detallouse a inmunización pasiva e activa  |
| CA4.2 Detalláronse os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas  |
| CA5.1 Clasificáronse as neoplasias   |
| CA5.4 Clasificáronse os axentes carcinógenos   |
| CA6.1 Definiuse a actividade fisiolóxica de órganos e aparellos  |
| CA6.4 Especificáronse as causas de fallo orgánico  |
| CA7.1 Describiuse o mecanismo fisiopatolóxico do edema   |
| CA7.5 Describíronse as características da cardiopatía isquémica  |
| CA8.2 Definíronse as características das alteracións fisiopatolóxicas endócrino-metabólicas máis frecuentes    |
| CA8.5 Analizouse o proceso fisiopatolóxico da diabetes   |



Criterios de avaliación do currículo

CA8.6 Analizouse o proceso metabólico dos lípidos

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A Comisión de Avaliación do Módulo estableceu as seguintes directrices:

#### 3.1. Mínimos Esixibles:

Para este módulo, considéranse mínimos esixibles todos os Criterios de Avaliación (CAs) asignados a este polo currículo do ciclo, agás o C.A. 1.4 e o C.A. 2.1.

#### 3.2 Criterios de Cualificación:

##### 3.2.1. Primeira proba:

- Consistirá nunca serie de preguntas relacionadas cos CAs do módulo asignados a esta parte.
- A Comisión de Avaliación cualificará esta parte da proba de cero a dez puntos.
- Para a súa superación o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- Terá carácter eliminatorio e a non superación desta parte resultará na eliminación directa do proceso.

##### 3.2.2. Segunda proba:

- Consistirá nunha serie de actividades relacionadas cos CAs do módulo asignados a esta parte
- A Comisión de Avaliación cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos.
- Para a súa superación o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5.

##### 3.2.3. Motivos para a exclusión

- Os membros da Comisión de Avaliación poderán excluír a estudantes, de calquera das partes da proba, por actos fraudulentos (copia ou plaxio, comunicación non autorizada, uso de materiais ou equipos non autorizados...) ou comportamentos non apropiados (incumprimento das normas de prevención, protección e seguridade ou comportamentos que poidan supoñer algún tipo de risco o propio estudante, para o resto do grupo ou para as instalacións). A exclusión por infracción destes criterios resultará nunha nota cero na parte específica en avaliación.

##### 3.2.3. Cualificación final:





- Os estudantes que non superen a primeira parte da proba recibirán un cero na segunda parte, sendo a nota final o 50% da obtida na primeira proba.
- No caso de suspender a segunda parte, a puntuación máxima posible será de catro puntos.
- Requírese ter aprobadas ambas probas para obter unha avaliación positiva no módulo.
- Para cualificar ao alumno aplicaranse os criterios de avaliación:  
\*\*\*\*A cualificación final do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada parte, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima, no caso de resultar decimais\*\*\*\*

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Esta primeira proba consistirá nun cuestionario escrito que poderá conter:

1. Preguntas Breves: Requirirán respostas breves, normalmente de unha ou unhas poucas frases.
2. Preguntas de Resposta Única o Tipo Test: Presentaranse múltiples opcións de resposta, das cales solo unha será correcta
3. Verdadeiro ou Falso: O enunciado formulará unha afirmación e se deberá determinar si é verdadeira ou falsa.
4. Completar Espazos en Branco ou Frases: Presentarase un enunciado con espazos en branco, e deberán ser completados coa resposta correcta.
5. Relacionar Columnas ou Conceptos: Presentaranse dúas columnas o conxuntos de elementos que deberán relacionarse correctamente.

No caso exclusivo das preguntas tipo test de resposta única, por cada 3 respostas incorrectas descontarase unha correcta (ou a súa equivalente proporcional no caso de contestar incorrectamente só unha ou dúas). As preguntas sen resposta non sumarán nin restarán puntos.

Normas para esta proba:

- Os estudantes serán chamados por orde de lista e unha vez rematado o chamamento público, non se permitirá o acceso á proba.
- Será indispensable a identificación co DNI ou pasaporte, o cal deberá estar dispoñible para a comisión avaliadora durante a realización do exame.
- A duración da proba será de 2 horas.
- O cuestionario será entregado en formato impreso e grapado e non pode ser desgrapado, nin poden ser incorporados documentos alleos ao proceso, salvo autorización expresa da comisión avaliadora.
- O bolígrafo debe ser de tinta indeleble, en cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.
- Ao rematar o exame, débese entregar o cuestionario con todos os datos identificativos debidamente cumprimentados para optar a ser corrixido.
- Está prohibido sacar o exame fóra do aula.



Lémbrese:

- Está prohibido o uso de dispositivos móbiles ou outros dispositivos electrónicos que poidan interferir no desenvolvemento axeitado do exame.
- Non se poden utilizar reloxos, sendo o profesorado quen indicará periodicamente a hora cando sexa requerido.
- Os pavillóns auriculares deberán permanecer visibles para descartar o uso indebido de dispositivos dixitais nesa localización.

O incumprimento destas normas implicará a expulsión do exame.

Unha vez concluída esta fase inicial do exame, a comisións de avaliación publicará as puntuacións obtidas polos aspirantes polas vías dispostas a tal fin.

#### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda proba consistirá en actividades varias, dos seguintes tipos:

1. Identificación de Estruturas Anatómicas: Presentaranse imaxes e/ou modelos anatómicos nas que o candidato deberá identificar estruturas específicas, como músculos, ósos, órganos, nervios, vasos sanguíneos, etc.
2. Preguntas de Relación de Función e Estrutura: Formularanse preguntas que vinculen a función dunha estrutura coa súa anatomía e viceversa.
3. Casos Clínicos ou Situacións Problema: Presentaranse casos clínicos ou situacións nas que o candidato deberá demostrar certo coñecemento anatómico para explicar un problema de saúde específico.
4. Debuxos ou Esquemas: Solicitarase que se debuxe ou esquematice unha estrutura anatómica específica explicando as súas partes e/ou funcións.

En función do número de estudantes esta proba poderá realizarse mediante:

- Proba práctica escrita
- Examen oral
- Estacións de estudo por onde os estudantes rotan e deben realizar algunha das tarefas mencionadas

Normas para esta proba:

- Os estudantes serán chamados por orde de lista e unha vez rematado o chamamento público, non se permitirá o acceso á proba.
- Será indispensable a identificación co DNI ou pasaporte, o cal deberá estar dispoñible para a comisión avaliadora durante a realización do exame.
- A duración da proba será de 2 horas.



- As actividades a realizar terán un guiión escrito que será entregado en formato impreso e grapado. Este documento non pode ser desgrapado e tampouco se lle poden incorporar documentos alleos ao proceso, salvo autorización expresa da comisión avaliadora.
- O bolígrafo, se é necesario, debe usarse de tinta indeleble, en cor azul ou negra. Non se permitirá o uso de corrector.
- Ao rematar a proba, débese entregar o guiión con todos os datos identificativos debidamente cumprimentados para optar a ser corrixido.
- Está prohibido sacar o guiión da proba fóra da aula.

Lémbrese ademais:

- Está prohibido o uso de dispositivos móbiles ou outros dispositivos electrónicos que poidan interferir no desenvolvemento axeitado da proba.
- Non se poden utilizar reloxos, sendo o profesorado quen indicará periodicamente a hora cando sexa requirido.
- Os pavillóns auriculares deberán permanecer visibles para descartar o uso indebido de dispositivos dixitais nesa localización.

O incumprimento destas normas implicará a expulsión do exame.

Unha vez concluída esta segunda fase, a comisións de avaliación publicará as puntuacións obtidas polos aspirantes polas vías dispostas a tal fin.